

SIMONE DE BEAUVOIR – TEXTO 1

INTRODUCCIÓN

Obra: O texto forma parte dun ensaio escrito en 1949 que converterase inmediatamente nunha obra polémica. Forma parte da bibliografía básica para entender a historia do feminismo pero tamén do existencialismo. Consta de dos volumes e está traducida a case que todas as linguas do mundo. Foi- reverenciado por uns e esnaquizado por outros pero o certo é que a súa repercusión abrande a mundos tan dispares como a: psicoloxía, socioloxía, antropoloxía, historia, bioloxía ...

Época: (apuntes: facer un pouco de historia do feminismo e do existencialismo)

Vital: (apuntes)

COMENTARIO

Tema: “esencia e existencia da muller”, “imposibilidade de realizarse das mulleres”, “a negación do proxecto nas mulleres” ...

Desenvolvemento:

1.- Remarcar o carácter claramente existencialista do texto. Como plántea dende o principio a idea de que a esencia o SH escríbese a partir das eleccións non condicionadas e dos actos libres que realiza cada individuo ao longo do seu proceso vital (da súa vida). Non hai esencias previas nin propias de ninguén; e a esencia confórmase (escríbese) ao actuar (camiñar). (facer referencia á frase de Antonio Machado “caminante no hay camino se hace camino al andar, ...” explicar como esta frase resume boa parte do pensamento existencialista).

2.- Todos os SH nacen libres (este é un principio xa establecido dende a Rev Francesa e Rousseau o establece para a parte masculina da humanidade). Tamén é un principio incuestionable para o existencialismo: se non hai liberdade non hai elección e se non hai elección non hai camiño, non hai proxecto. Pero no caso da muller isto non se pode concretar: á muller impónselle un papel, un rol ao que xogar preestablecido; nace con unhas funcións impostas por outros (os homes). A súa esencia está escrita por outros, non hai proxecto vital (ln 1 a 3).

3.- As mulleres están atrapadas na inmanencia (no que son nesta sociedade) e non poden acadar a transcendencia (ir máis aló e proxectarse no que queren ser). Non poden transcender porque están definidas, porque deben de “realizarse” a través dun proxecto que non é o seu (ln 3 a 4). As mulleres viven toda a súa vida realizando un proxecto que non elixiron, viven toda a súa existencia en virtude dunha esencia predeterminada por outros (ln 5 e 6).

4.- Segundo unha visión existencialista (remarcade este carácter de Beauvoir) a metade dos SH do mundo, nunca poderán acadar unha esencia propia e iso significa estar condenados á “angustia vital” (falar de que significa isto no existencialismo). Están abocadas á desesperación, ao mal estar, á frustración porque non poden usar o proxecto vital como saída da angustia de vivir (ln 6 a 8). As oportunidades de cada individuo (os camiños polos que optamos transitar) son nulas ou moi escasas para as mulleres porque están sometidas, non teñen liberdade (ln 10 e 11)

5.- Outros temas que podedes engadir como secundarios: a frase “non se nace muller, chégase a selo” que está comentada no texto 2

CONCLUSIÓN

- Se non faláchedes do existencialismo suficiente facédeo agora
- Se non faláchedes da fraternalización e liberdade da humanidade na Rev Francesa, facédeo agora. Nomear como a Rev Franc só fai isto para os homes e Rousseau así o concreta
- Agora é o momento da importancia de Beauvoir dentro da evolución do feminismo: 2ª onda feminista, superación Nestes momentos ...